

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 20

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1 DE DECEMBRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Garrido González, Alicia
Iglesias Carrera, José Manuel
Méndez Piñeiro, María Xosé
Ruiz Cenicerros, Mauricio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e vinteseis minutos do día 1 de decembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández (con retraso), López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Molares Pérez, Polo Lima, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Garrido González, Iglesias Carrera, Méndez Piñeiro e Ruiz Cenicerros. Está tamén presente o Interventor Xeral en funcións, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (247).-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

ANTECEDENTES.- Próximo a finalizar o exercizo orzamentario do ano que andamos, resulta imprescindible suplementar a partida referente ós créditos a transferir ó IMD ó obxecto de que este organismo autónomo adquira combustible e outros consumos enerxéticos e así mesmo faga fronte ó incremento do IPC de determinados contratos.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros e as Sras. Garrido González e Méndez Piñeiro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade de vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2.- (248).-RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 155 PARA SUPLEMENTAR CRÉDITO NA PARTIDA DE TRANSFERENCIA Ó IMD (282.338.53 €).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala na Memoria da Alcaldía de data 29 de novembro de 2006:

“Con data 27 de novembro de 2006 a Concelleira da Area de Desenvolvemento Económico e Local, Presidenta da Xunta Rectora do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes traslada a esta Alcaldía o expediente no que se informa da situación de déficit presupostario no que se atopa o orzamento de gastos do Organismo Autónomo, sendo estes producidos polo aumento dos prezos dos contratos, pola subida do IPC 3,9%, e aumento dos custos da enerxía eléctrica e combustibles, sendo estes gastos necesarios e inaprazables para o funcionamento do Organismo e as súas instalacións, polo que se solicita que o órgano competente do Concello incoase a tramitación dunc crédito extraordinario por importe de 282.338,53 €, en concepto de transferencia a este Organismo Autónomo.

Trátase de complementar -no importe sinalado- o crédito existente no Orzamento vixente de transferencia para gasto corrente ó Organismo Autónomo "Instituto Municipal dos Deportes" (partida 4522.4100000).

O financiamento dos 282.338,53 euros, que como máximo requiriranse para financiar os gastos antes descritos, constituírao o ingreso por "Multas de tráfico" partida 391.01 producido nas arcas municipais, segundo certificación da Tesourería municipal de data 29 de novembro.

Este ingreso, considérase un recurso adecuado para o financiamento do devandito suplemento de crédito.

Con data 20 de novembro o interventor emite o seguinte informe:

"Vista a Memoria da Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello de Vigo de data 29 de novembro do ano en curso, expediente de modificación orzamentaria número 155/2006, que inclúe unha proposta de autorizar un suplemento de crédito, a financiar con cargo ó maior ingreso recadado sobre o total previsto no concepto de "multas de tráfico" (partida 391.01), o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 37.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, procede a emitir o seguinte informe:

1.- Clase de modificación orzamentaria proposta.

O expediente que se está a tramitar contén un suplementos de crédito por un importe global de 282.338,53 euros.

Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos, mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 8ª das de execución do Orzamento vixente.

Os maiores ingresos recadados sobre os previstos no corrente, como recurso proposto neste expediente para financiar a modificación, régúlase nos artigos 177.4 de dito corpo legal e 36 do mencionado Real Decreto.

2.- Descrición da modificación orzamentaria proposta.

O devandito suplemento de crédito debe referirse a gastos de carácter específico e concreto.

No expediente que se somete a informe e segundo se desprende da proposta incluída no mesmo, o suplemento de crédito interesado ten a finalidade de incrementar a partida de transferencia corrente ó Organismo Autónomo "Instituto Municipal dos Deportes" para poder afrontar os gastos derivados do custo dos contratos pola subida do IPC e do aumento do custo da enerxía eléctrica e combustibles para o funcionamento das instalacións deportivas.

Por outra parte debe sinalarse que é requisito esixido pola normativa financeira citada de aplicación, que o gasto que ampare o suplemento de crédito sea urxente e non poida demorarse para o seguinte, requisito que consta na Memoria da Alcaldía e nos seus antecedentes.

Asímesmo, tamén constátase por esta Intervención a insuficiencia de saldo de crédito non autorizado ou comprometido na partida 4522.4100000 do estado de gastos do Orzamento deste Concello, no nivel establecido de vinculación xurídica, e que non pode ser obxecto de ampliación.

3.- Recurso financiero.

O recurso que se propón para o financiamento do suplemento de crédito, consiste nos maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, en concreto os ingresos acadados no concepto de multas de tráfico (concepto 391.01) producidos nas arcas municipais. Tal extremo acredítase no expediente mediante certificación do Tesoureiro de data 29 de novembro no que se indica que o importe recadado ata esa data, por este concepto, é de 2.811.692,97 euros.

Estes maiores ingresos no Orzamento vixente, constitúen un medio de financiamento dos previstos nos artigos 177.4 TRLRHL e 36.1.b) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

De conformidade co citado artigo 177.4 do TRLRHL e o 37.2.c) do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, acredítase no expediente que os ingresos orzamentarios non finalistas se veñen producindo con normalidade, de conformidade co informe emitido pola Directora de ingresos con data 29 de novembro de 2006.

3.- Tramitación e aprobación do expediente.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables ós orzamentos; sendo competente, por tanto, o Pleno da Corporación para aprobar esta modificación orzamentaria."

O non estar dictaminado o expediente por comisión informativa ningunha, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a ratificación da inclusión do expediente na orde do día.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Garrido González, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Méndez Piñeiro e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DÍA.- Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase ratificar a inclusión do presente expediente na orde do día.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Felizmente contan vostedes con grupos políticos que non están no Goberno cun sentido da responsabilidade máis grande do que están a demostrar vostedes. A convocatoria atrapallada deste Pleno, porque non se pode calificar doutro xeito, da boa proba disto e as concelleiras e concelleiros que están hoxe aquí sentados, logo de deixar a toda presa os seus traballos merecen unha gratitude especial, a min merécenma; outros non poden estar porque non poden da noite para a mañá cambiar as súas vidas en base ó seu desastre organizativo coma Goberno.

Desastre no que o IMD é a última vítima expiatoria dunha situación. O culpable auténtico é o seu Goberno e máis concretamente o Sr. Guerra porque se dende agosto máis ou menos, falo de memoria, hai unha petición do IMD para que se faga unha transferencia orzamentaria para resolver un problema de incremento de tarifas de carburantes, incremento xustificadísimo porque quen podería votar en contra se realmente cando os carburantes mudaron de prezo teñen o orzamento prorrogado e naturalmente hai un diferencial que cubrir, as instalacións municipais teñen que funcionar. Iso non o saben vostedes a última hora do ano ás presas e a correr.

É un verdadeiro desastre de organización o que nos traen aquí hoxe e insisto en que para min, o verdadeiro culpable é o Sr. Guerra que como responsable de Facenda é a quen lle toca as competencias do departamento de Intervención que tardou o que tardou en resolver este expediente. Polo tanto, Sr. Guerra, adíquese máis a traballar no seu departamento e menos a traer aquí ós seus amigotes a facer boicot no Pleno da Corporación.

SR. VIEITEZ ALONSO: Como este Pleno se convocou a última hora, quero preguntarlle á concelleira se estes gastos vanse manter no tempo. Si? Gracias.

É por unha sinxela razón: en primeiro lugar acabamos de ter un Pleno esta mesma semana onde trouxeron vostedes cinco ou seis modificacións de crédito. Pasan tres días e nos traen outra modificación a un Pleno extraordinario. Iso é máis que improvisación.

Á parte diso, preguntáballe á concelleira se isto se ía manter no tempo porque falan de que veñen arrastrando isto dende o ano 2004. Tiveron un orzamento no 2005 onde cando menos podían telo previsto aínda que agora teñan o orzamento prorrogado, pero o que é aínda un maior escarnio é ata onde poden vostedes chegar manipular e onde mellor se mostra a obstrucción da oposición, é cando tivemos un Pleno hai tres días, onde se trouxeron

modificacións de crédito argumentando que a oposición non lle deixabamos facer ó Goberno e agora resulta que se utiliza exactamente o mesmo criterio que nós lle puxemos enriba da mesa para implementar a valoración dos postos de traballo. É curioso.

Isto é algo impresentable, o elemento, o método, o sistema que nós no seu momento lle comentamos é o que agora traen pero logo de producir unha manipulación descarada e gustariame que lle explicaran a todo o persoal como antes non e agora si. Resulta que non se podía facer pero eu remítome ós papeis, xa non é un problema de que se traballe ou non, é un problema de que se fixo de xeito intencionado para xerar un conflito e sobre todo tratar de que a oposición non fixera o papel que tiña que facer.

No seu momento, cando falamos con vostedes de que había outras formas de salvagardar a valoración dos postos de traballo, dixeron que non había ningunha máis que a amortización. Sen embargo a fórmula que algúns discutimos con vostedes tráena agora nisto e nalgúns cousas máis que xa sabiamos que ían vir, porque logo van vir en cadoiro unha detras doutra.

Presentan unha modificación de crédito contra ingresos a maiores, un gasto que se vai perpetuar no tempo, confirmado pola señora concelleira, exactamente o mesmo criterio que había que aplicar para a valoración de postos de traballo e o aplican contra un ingreso que é o incremento da recadación das multas, podía ser un recurso perfectamente fácil de utilizar para implementar o que vostedes nos trouxeron o outro día, pero dun xeito manipulador e descarado non o fixeron e non porque non se puidera porque aquí está este expediente que confirma o que nós puxemos enriba da mesa.

Polo tanto improvisación dende o ano 2004, tiveron orzamento no 2005 e non o fixeron; en canto ó outro non ten parangón en toda a historia deste Concello o que vostedes fixeron. Segan insistindo en que a oposición obstruímos a acción do Goberno municipal. Para iso estamos aquí e as veces que faga falla para tratar os temas da cidade pero non nos termos e nas condicións que vostedes nos poñen enriba da mesa.

SRA. GRAÑA BARCIA: Atopámonos ante unha proba máis da imprevisión do Goberno, do seu mal facer, da súa mala xestión. Imprevisión porque os gastos que integran este expediente, porque falamos da suba normal, habitual e ordinaria do IPC nos contratos ou incremento nos prezos dos subministros, en absoluto son imprevistos de última hora ou acontecementos extraordinarios; son gastos ordinarios e coñecidos dende hai bastantes meses, por non dicir nalgúns deses supostos que dende hai anos.

Imprevisión tamén porque sendo totalmente previsible esta situación o inicio do expediente non se faga ata este mes de novembro. O informe que emite o técnico é do 8 de novembro e o informe da concelleira responsable do organismo do 15 do mesmo mes.

Imprevisión tamén porque o luns realizouse un Pleno ordinario onde se incluíron diversas modificacións orzamentarias e curiosamente este asunto non estaba na orde do día.

Qué xestión é a de seu, Sra. Alcaldesa? Non sabían hai unha semana que tiñan que pagar a luz do IMD? Realmente non nos poden dar nin unha sóa razón que xustifique esta falla de previsión e é novamente a responsabilidade da oposición, que non a de seu, a que permite facer fronte ás obrigas do Concello, en concreto ata ese extremo: que se pague a luz do IMD.

SRA. MOLARES PÉREZ: En primeiro lugar quero agradecer ós voceiros dos tres grupos intervintes, a pesar da dureza das súas intervencións, que teñan facilitado a realización deste Pleno a través dunha convocatoria extraordinaria e urxente.

Neste tema falan de improvisación e realmente por parte do IMD, dado a suba da enerxía eléctrica e o incremento do IPC nun 3'9, estaba claro que se ía producir unha desviación. O que non estaba tan claro, posto que dentro dun equipo de Goberno hai que estudar todas as prioridades, era de onde se podía quitar ese diñeiro e cómo afrontalo.

Dende o mes de agosto se mantiveron conversas e xuntanzas co interventor do organismo, que o é tamén deste Concello, para buscar distintas solucións e non é ata o mes de novembro que se tramita o expediente pero tamén para en primeiro lugar ver a evolución dos ingresos do IMD e en segundo lugar ver tamén a evolución das distintas partidas e ingresos do propio Concello para mirar de onde se podería obter.

A diferenza de datas que comenta a concelleira do Grupo Socialista entre o 8 e o 15 de novembro, non é que eu tivera parado enriba da mesa unha semana o expediente, senón que xa se tramitara directamente ó interventor pero ata que nos indicara de qué partida tiña que sair esa transferencia de crédito evidentemente non podíamos tramitalo

Asumo totalmente e de forma íntegra este tema sen que teña que ver o meu compañeiro de Corporación responsable de Facenda, é unha responsabilidade do Instituto Municipal dos Deportes aínda que non dependa de min de onde se poidan sacar estes cartos, pero si é a miña responsabilidade que os

pagamentos estean realizados a 31 de decembro para que non se produza un desequilibrio no IMD.

Comentar que respecto a estes gastos de incremento do IPC e combustibles que evidentemente tamén se prevén no futuro, tamén sigue a incrementarse a enerxía eléctrica e iso si que vai afectar o IMD de xeito continuo no tempo, considero que por parte deste Goberno no orzamento do organismo autónomo de 2005 incrementouse nun 16%, pero como se comenta no informe a orzamentación limitada do IMD en anos anteriores ven producindo que, a pesar que se incrementara no 2005 un 16%, ó ter no 2006 un orzamento prorrogado non é suficiente para asumir estes custos porque só o IPC supón un incremento de 75.000 euros e a enerxía eléctrica 114.000.

De todos os xeitos asumo a responsabilidade de que este expediente puidera ter estado preparado para o Pleno ordinario de novembro e non ter que facer un Pleno extraordinario. Aínda que para min tivera sido máis cómodo deixalo pasar e presentalo no próximo exercizo, precisamente pola responsabilidade que teño como presidenta do IMD solicitei esta convocatoria de Pleno extraordinario e urxente para non trasladar este gasto para o próximo exercizo, pero quero agradecer a boa disposición que tiveron os tres grupos para acceder a este Pleno e tamén súmome ás palabras do Sr. Soto de agradecer ós corporativos que non teñen dedicación exclusiva e que por tanto compatibilizan esta actividade cos seus traballos privados, que estean hoxe aquí as oito e carto da mañá.

Só lles quero pedir o voto posto que todos estamos de acordo no fondo deste asunto e sabemos que, de non se pagar estes gastos, sobre todo tendo en conta que as piscinas teñen que sair a concurso no mes de maio, ocasionaría un problema para o IMD e por tanto para todas as persoas que desenvolvan as súas actividades alí.

Asumo a responsabilidade de que non estivera no Pleno anterior e agradézoilles que voten este expediente a favor.

No transcurso do debate se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Guerra Fernández.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Garrido González, Iglesias Carrera, Méndez Piñeiro e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez,

Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Losada Alvarez e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Autorizar un suplemento de crédito por importe total de 282.338,53 euros, con cargo ós maiores ingresos recadados no concepto do "Multas de Tráfico", incrementando en dito importe a partida 4522.4100000, Transferencia corrente Instituto Municipal dos Deportes".

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás oito horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.